

Decreto.

Á vista da necesidade por tratarse dun fin institucional propio do Concello de contratar a xestión do servizo de: **limpeza da Escola de Educación Infantil de Os Ánxeles** (en adiante EEI de Os Ánxeles), estimándose nunha duración de dous anos, iniciouse o expediente de contratación, ao que incorporouse a documentación prevista no artigo 116 do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

A necesidade que se trata de satisfacer é o servizo de limpeza carecendo o Concello de medios persoais para prestar o servizo.

Visto que por providencia desta alcaldía dispúxose iniciar o expediente para a contratación sinalada, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta, por procedemento aberto previsto no artigo 156 da LCSP, con varios criterios de adxudicación de ponderación mediante fórmulas, o factor prezo e unha bolsa de horas, e cun valor estimado de: 27.933,76 euros, IVE excluído, para os 2 anos de duración do contrato, e un orzamento base de licitación de: 33.799,85 euros, IVE incluído, polos dous anos de duración do contrato.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas asinados por esta alcaldía con data 19.06.2024, que se incorporaron ao expediente e que han rexer na adxudicación do contrato.

Vistos os informes preceptivos de secretaría e de intervención, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 117 da LCSP, **resolvo:**

1º) Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto, do contrato de servizos de limpeza da EEI de Os Ánxeles, ao abeiro do establecido no artigo 156 da LCSP.

2º) Autorizar o gasto desta anualidade con cargo á aplicación: 323.22700 onde existe crédito retido por intervención, adoptando o compromiso de consignar nos orzamentos de 2025 e 2026 os créditos necesarios para facer fronte aos gastos derivados desta contratación. En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.

3º) Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos que constan no expediente.

4º) Realizar a licitación mediante publicación de anuncio no perfil de contratante do Concello, debendo presentarse as ofertas **única e exclusivamente de forma electrónica**, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público na que se aloxa o perfil de contratante do Concello.